


Economía Hoxe

economia@galicia-hoxe.com


Vista aérea dun dos múltiples parques eólicos instalados na serra cercana á Mariña lucense

NORMATIVA O BOE publica xa o decreto que regula este mercado enerxético, clave para o futuro

A RENDIBILIDADE DAS RENOVABLES CHEGARÁ ATA O 9%

CARECE DE CARÁCTER RETROACTIVO E FIXA NO 7% OS BENEFICIOS PARA AS EÓLICAS E HIDRÁULICAS

Europa Press - Madrid

O Boletín Oficial do Estado (BOE) publico onte o controvertido decreto sobre as enerxías renovables, que garante unha rendibilidade de entre o 5% e o 9% e que non tera carácter retroactivo para o sector.

Esta nova normativa achega un beneficio do 7% as instalacións eólicas e hidráulicas que opten por ceder a súa produción ás distribuidoras, e entre o 5% e o 9% se participan no mercado de produción de enerxía eléctrica.

Ademais, as instalacións fotovoltaicas de maior potencia practicamente duplican: a súa retribución, manténdose para as de maior tamaño, e coa garantía de obtención dunha rendibilidade do 7%.

No caso das tecnoloxías que o Goberno considera que necesitan un impulso polo seu limitado desenvolvemento, como a biomasa, o biogás ou a solar termoeléctrica, a rendibilidade elévase ó 8% na opción de cesión ás distribuidoras e

entre un 7% e un 11% participando no mercado.

“O obxectivo deste Real Decreto é mellorar a retribución das tecnoloxías menos maduras, como a biomasa e a solar térmica, para deste xeito poder alcanzar os obxectivos do Plan de Enerxías Renovables 2005-2010, así como os obxectivos contraídos por España a nivel comunitario”, indicou Industria nun comunicado, engadindo que co desenvolvemento destas tecnoloxías “a enerxía renovable en España cubrirá o 12% do consumo

A CERNA

Présas para operar este ano

Un dos temas de maior debate entre o sector e Industria, a retroactividade, non foi recollida polo Real Decreto. Deste xeito, as instalacións que se pofían en funcionamento antes do 1 de xaneiro do 2008 poderán manterse acoñecidas ó regulamento anterior na opción de tarifa fixa curante toda a súa vida útil.

Cando participen no mercado, poderán manter a súa regulación anterior ata o 31 de decembro do 2012.

de enerxía no ano 2010”, obxectivo estrela do actual Executivo.

No que respecta á retribución para as enerxías renovables, o incremento da biomasa varía entre un 50% e un 100%, o biogás entre un 16% e un 40% e para a solar termoeléctrica será dun 17%.

Ademais, na opción de venda á distribuidora, incrementábase a retribución da enerxía eólica, da biomasa, da solar termoeléctrica e das instalacións fotovoltaicas de potencia superior a 100 quilovatios (kw), e mantense a retribución das plantas solares fotovoltaicas de potencia inferior á citada.

Así, os incrementos da tarifa regulada respecto da contemplada no Real Decreto 436/2004 son, para as instalacións eólicas do 12%; para as hidráulicas de entre o 7 e o 13%; para as termoeléctricas do 17%; para as fotovoltaicas maiores de 100 kw do 82%; para as biomases de entre o 56 e o 113% (salvo as de residuos industriais forestais que se incrementa un 6%) e para o biogás, entre un 16 e un 40%.

As revisións das tarifas realízanse cada catro anos tendo en conta o cumprimento dos obxectivos fixados. Isto permitirá o axuste das tarifas en función dos novos custos e do grao de cumprimento dos obxectivos. ●

ESTADÍSTICA ■ Galicia pasa de catro a tres mortos en accidentes no traballo ■ O número total diminuíu nun catorce por cento en abril

A sinistralidade laboral redúcese só nun falecido

A sinistralidade laboral mortal en Galicia descendeu un 25% en abril deste ano con respecto ó mesmo mes do 2006, ó pasar de catro a tres falecidos. A Xunta informou nun comunicado de que a comunidade rexistrou 3.027 accidentes, un 14,25% menos que en abril do ano pasado, e foi Ourense a provincia na que se produciu menor cifra de sinistros.

Ademais, Lugo e Ourense non se produciu ningún de carácter mortal, mentres que na Coruña tivo lugar un accidente, un menos que en abril do 2006.

Atendendo á súa gravidade, dos 3.027 rexistrados 2.974 foron leves, 478 accidentes menos que no 2006, e 50 graves, 24 menos que en abril do 2006.

Por sectores de actividade, a construción e a agricultura son os que presentan mellor comportamento, pois non se produciu ningún sinistro mortal, mentres que nos sectores da pesca, industria e

servizos cifrouse un accidente con resultado de morte.

En total, durante os catro primeiros meses do 2007, producíronse 16.348 accidentes de traballo na comunidade. O Goberno autonómico destacou onte que este descenso viu acompañado dun incremento do número de traballadores afiliados á Seguridade Social, pois este mes rexistráronse 866.448 persoas afiliadas, 35.391 máis.

Nas cifras estatais, o número de mortos en accidente laboral durante o primeiro trimestre do ano ascendeu a 317, dos que 227 perderon a vida no posto de traballo e 90 “in itinere (no camiño de casa ó traballo ou viceversa)”, segundo o Boletín de Estadísticas Laborais do Ministerio de Traballo.

Os 227 falecidos no posto de traballo son sete menos que no mesmo período do ano pasado, o que supón un descenso de só o tres por cento. ● AGENCIAS

SETENZA ■ Aplicou o redondeo á alza nos empréstitos a tipo de interese variable

Condenan a Caixa Laietana por subir as súas hipotecas

O Xulgado de Primeira Instancia número 36 de Barcelona condenou a Caixa Laietana por aplicar o redondeo á alza nas súas hipotecas a tipo de interese variable, segundo informou onte a Asociación de Usuarios de Servizos Bancarios (Ausbanc) en Cataluña, que interpuxo a demanda no 2004.

Esta organización recorreu ós tribunais despois de se decatar da aplicación do redondeo ó cuarto de punto á alza nos préstamos hipotecarios por parte de Caixa Laietana.

Nesta demanda solicitábase, entre outros aspectos, ó xuíz que declarase a nulidade desta cláusula por considerala abusiva e elimínala dos contratos, así como a devolución das cantidades cobradas en exceso a todos os clientes

da entidade que se viran afectados pola mesa.

En Cataluña, Ausbanc interpuxo oito demandas contra sete das dez caixas de aforro catalás (Caixa Catalunya, Caixa Tarragona, Caixa Laietana, Caixa Manlleu, Caixa Manresa, Caixa Sabadell e Caixa Xirona) e contra Deutsche Bank.

Incomprensible que sigan cobrando

Consente a opinión desta asociación de usuarios de servizos bancarios, resulta “incomprensible” que na actualidade as entidades demandadas “aínda sigan cobrando o redondeo á alza ós seus clientes”, o que lles achega un beneficio “inxusto”, e dana os dereitos dos seus clientes. ● EFE